


Churchill Caryl. (2010). *Catro pezas. O setimo ceo. Mozas de primeira. Lonxe. De serie*. Galaxia, S.A
(Tradución e limiar de Manuel F. Vietites, edición 26 mayo 2010)



- TODD
Es nova verdade?
- JOAN
Este é o meu primeiro sombreiro. O meu primeiro sombreiro profesional.
- TODD
Fixeches sombreiros na escola?
- JOAN
O meu sombreiro de graduación era unha xirafa de seis pés de alto.
- TODD
Non terás tempo de facer algo así na semana.
- JOAN
Seino.
- TODD
Adoitabamos ter dúas semanas antes dun desfile e despois deixaron só unha e agora andan a falar de quitar un día.
- JOAN
Pois logo teríamos un día libre máis?
- TODD
Teremos un día menos de paga. Non faremos sombreiros tan bonitos.
- JOAN
Poden facelo?
- TODD
Opoñeríaste verdade?
- JOAN
Só acabo de empezar.
- TODD
Descubrirás que neste lugar hai moitas cousas inxustas.

- JOAN
Pensaba que era un dos mellores traballos.
- TODD
Éo. Sabes onde ir xantar?
- JOAN
Creo que hai unha cantina non?
- TODD
Si pero nós non imos aí. Mostrareiche onde ir.

2

Día seguinte. Están a traballar nos sombreiros, que agora xa están decorados con máis colorido isto é aqueles nos que estaban traballando foron substituídos por outros a piques de seren rematados.

- JOAN
Técache.
- TODD
Eu voume dar un baño no río antes de traballar.
- JOAN
Non é perigoso?
- TODD
Técache.
- JOAN
Teño licenza de piloto.
- TODD
Eu quedo ata as catro cada madrugada vendo os xuízos.

- JOAN
Vou coller un cuarto nun subterráneo.
- TODD
Eu teño un sitio para min.
- JOAN
Telo?
- TODD
Queres velo? Iso vai mellorando.
- JOAN
Non entendo o teu pero gústame así.
- TODD
Non o vou tentar. Levo aquí moito tempo.
- JOAN
Íraste?
- TODD
Tócame. Hai algo raro na maneira en que conseguimos os contratos.
- JOAN
Pero nós queremos os contratos.
- TODD
E se non os merecemos? E se o noso traballo en realidade non é o mellor?
- JOAN
Entón que é o que acontece?
- TODD
Só direi o cuñado de certa persoa. Onde traballa el segundo ti?
- JOAN
Onde traballa el?
- TODD
Non vou falar diso aquí dentro. Céntame outra cousa.

- JOAN
Non me gusta quedar polas noites vendo xulzos.
- TODD
Eu miroos pola noite despois de volver.
- JOAN
De volver de onde?
- TODD
De onde che parece?
- 3
- Día seguinte. Están traballando nos sombreiros, que se están volviendo moi grandes e extravagantes.*
- TODD
A min tampouco non me gustan os sombreiros animais.
- JOAN
Eu era estudante.
- TODD
Os sombreiros abstractos son a última moda outra vez.
- JOAN
Sempre me gustaron os sombreiros abstractos.
- TODD
Non te debiches dar conta cando todo o mundo os odiaba.
- JOAN
Posiblemente fose antes de eu chegar.

Silencio. Continúan traballando.

JOAN
Ocorre que se vas continuar con iso todo o tempo non sei por que non fas algo ao respecto.

TODD
Este é o teu terceiro día.

JOAN
A dirección é corrupta —segundo contas. Páganos moi pouco —segundo contas.

Silencio. Continúan traballando.

TODD
Demasiado verde.

JOAN
Está previsto que haxa moito.

Silencio. Continúan traballando.

TODD
Vin que mirabas o sombreiro daquel mociño rubio. Espero que lle dixeses que era pouco orixinal.

... *Silencio. Continúan traballando.*

TODD
Son a única persoa neste sitio que ten principios, non me digas que debería facer algo. Paso os días pensando o que facer.

JOAN
Pois logo probablemente se che ocorra algo.

Silencio. Continúan traballando.

4

Día seguinte. Están traballando nos sombreiros, que agora son enormes e ridículos.

TODD
Ese é fermoso.

JOAN
Gústache?

TODD
Si.

JOAN
A min tamén o teu.

TODD
Non tes por que dicir iso. Non é dos mellores.

JOAN
Non ten — non sei, é un sombreiro que dá segurade.

TODD
Levo facendo desfiles seis anos. Así que son un deses veteranos valiosos. E cando vaia falar cunha persoa que eu sei prestarame atención.

JOAN
Vas ir falar con el?